

RESUMO

En 2001, o lingüista británico David Crystal publicou o libro *A linguaxe e Internet*, en que abordou as consecuencias que a utilización da Rede para a comunicación lingüística. No seguinte fragmento da obra trátanse as diferenzas que existen entre as conversas cara a cara e as conversas dixitais que se manteñen a través de Internet (ciberlingua ou *netspeak*).



A linguaxe e Internet

Hai grandes diferenzas entre *Netspeak* (a ciberfala) e a conversa cara a cara, mesmo naquelas situacións electrónicas máis próximas á fala. A primeira diferenza é unha consecuencia da tecnoloxía: a falta dunha resposta simultánea. As mensaxes que se envían por medio do ordenador son completas e unidireccionais. Cando lle enviamos unha mensaxe a alguén, tecleámola letra a letra, pero non chega á pantalla desa persoa do mesmo xeito. A mensaxe non sae do noso ordenador ata que a enviamos, e isto significa que se transmite e chega á pantalla do receptor cun só golpe de tecla. Non hai forma de que o receptor poida reaccionar á nosa mensaxe mentres a escribimos co teclado porque, obviamente, non sabe que a vai recibir ata que o texto chega á súa pantalla. Do mesmo xeito, non hai maneira de que un participante teña idea do impacto que casou a súa mensaxe mentres a está escribindo, nin de que saiba se foi comprendida ou se require algunha aclaración.

David Crystal, *A linguaxe e Internet* (adaptación)



1.Redacta un resumo do texto anterior.